


## CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na casa)

23-24 de xaneiro do 2021

### III DOMINGO DO TEMPO ORDINARIO



NON MÁIS  
VIOLENCIA  
DE XÉNERO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,  
COS POBOS QUE SOFREN INJUSTIZA E ABANDONO,  
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,  
COA NATUREZA MALTRATADA  
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19



## 1.- ENCONTRO EN FAMILIA

### SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *Unha xuntanza de amor*

#### *Celebrante*

Benvidos sexamos todos a esta celebración no fogar. Reunímonos para escoitar e vivir a Palabra de Deus en familia. Facémolo no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Este terceiro Domingo ordinario é o Domingo da Palabra. Deus diríxenos a súa Palabra para que a escoitemos e a fagamos vida en nós. Non podemos deixar de escoitar esta Palabra e seguir coa nosa vida como se fora dirixida a outros. Deus fálanos a cada un de nós, diríxese a cada un dos que estamos aquí, e espera unha resposta de vida por parte nosa.

Cando Xesús, a Palabra de Deus feita carne, chama aos Apóstolos, estes, deixándoo todo, seguírono. Nós, cando escoitamos “Palabra do Señor” respostamos “Gloria a Ti” pero seguimos facendo a nosa vida.

Deus espera outra resposta de nós: que, coma os Apóstolos, teñamos feitos de vida que fagan realidade esa Palabra na nosa sociedade.

## ACTO PENITENCIAL

**Celebrante** *Hoxe Deus fálanos na súa Palabra. E moitas veces non o queremos escoitar, facemos os xordos para non ter que tomar a responsabilidade de ser as súas testemuñas. Por iso, agora é o momento de comprometer nos de verdade:*

### **Monitor/a**

➤ Queremos vivir aportando aos demais o mellor de nós mesmos.

Señor conta coas nosas mans

➤ Queremos ser anunciadores de boas novas, queremos ver todo o que de bo hai nas nosas vidas.

Cristo conta coas nosas mans

➤ Queremos ser fogar que fai cribre o evanxeo nas palabras e sobre todo nos feitos.

Señor conta coas nosas mans

**Celebrante** *Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón, na nosa familia e na nosa vida, a todos nos conceda o perdón e nos leve á vida eterna. Amén.*

## ORACIÓN PROPIA DO DÍA

**Celebrante** *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior. Damos grazas polos homes e mulleres que nos demostran que a súa palabra é de fiar. (silenzio)*

## **Celebrante**

Deus, Noso Pai,  
dirixe a nosa vida conforme ao teu amor,  
para que, no nome do teu Fillo,  
poidamos dar froito abundante de boas obras,  
Pedímoscho por El mesmo, que vive e reina  
por sempre eternamente. Amén

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

### **Monitor/a:**

*As lecturas que imos escoitar son as Palabras que Deus nos dirixe hoxe a cada un de nós. Nelas vainos indicar o que espera de nós.*

*Os habitantes de Nínive cambiaron de forma de vivir escoitando ao profeta Xonás. Os Apóstolos deixándoo todo seguiron a Xesús.*

*Hoxe temos nós que dar unha resposta a esta Palabra. É unha responsabilidade persoal. Podemos cambiar a nosa forma de vivir a fe? Podemos mellorar no seguimento de Xesús? Estamos dispostos a ser testemuñas do Evanxeo?*

## LECTURA DO LIBRO DE XONÁS

Veulle a palabra do Señor a Xonás:

- Érguete, vai a Nínive, a grande cidade, e proclámalle a mensaxe que eu che dei.

Xonás ergueuse e marchou a Nínive, conforme á palabra do Señor. Nínive era unha cidade enormemente grande, de tres días para atravesala.

Xonás comezou a entrar na cidade o camiño dun día e predicaba así:

- Dentro de corenta días Nínive será destruída.

Os homes de Nínive creron en Deus e proclamaron o xaxún. Vestíronse de saco desde o máis grande ao máis pequeno.

Viu Deus as súas obras, como se convertían do seu mal camiño, e arrepenhiuse do mal que dixerá que lles ía facer, e non llelo fixo.

### Palabra do Señor

🎵 18 🎵 *Escoita ao Señor* SALMO

(en pé) Leccionario II B páx 176 Mc 1,14-20 EVANXEO

## PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

Daquela, cando prenderon a Xoán, marchou Xesús a Galilea a anunciar a Boa Nova de Deus, dicindo:

- O tempo está cumprido, e chega o Reino de Deus; convertédevos, e crede na Boa Nova.

Camiñando pola ribeira do mar de Galilea, viu a Simón e máis a Andrés, seu irmán, largando o aparello no mar: eran pescadores. Díxolles Xesús:

-Vide comigo, e fareivos pescadores de homes.

E deixando de contado o aparello, seguírono. Un pouco máis adiante viu a Santiago, fillo de Zebedeo e máis a Xoán, seu irmán; estaban arranxando o aparello na barca. E de seguida os chamou. Eles, deixando a seu pai, Zebedeo, e mailos seus tripulantes na barca, seguírono.

### Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón





Se as nosas palabras son de fiar entón os nosos feitos valerán a pena e serán exemplo para os demais.

Se as nosas palabras son de fiar entón os nosos soños serán grandes e atrevidos e non se deixarán render facilmente.

Se as nosas palabras son de fiar entón non poderemos quedar calados ante moito do que pasa ao noso arredor, non poderemos silenciar a traxedia de tantos refuxiados.

Se as nosas palabras son de fiar entón seremos igrexa crible coidándonos para coidar aos demais.

Se as nosas palabras son de fiar entón Deus seguirá a falarnos cada día.

(en pé) **PROFESIÓN DA FE**  
*Celebrante:* Neste encontro de fogar, despois de escoitar a Palavra de Deus que nos chama, queremos responderlle dando razón da nosa fe compartida en familia dicindo

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

*Monitor/a*

Crede en Deus Pai e Nai,  
creador do ceo e máis da terra,  
que pon nas nosas mans o facer do mundo casa común,  
e fogar acoledor para todas as xentes?

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Crede en Xesús, o noso irmán,  
que fixo vivo o evanxeo,  
e que, coma aos apóstolos,  
nos chama para facer crible o seu amor?

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Crede no Espírito Santo,  
que nos alenta para dar resposta ao Señor  
co noso bo facer de cada día?

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Crede na Igrexa,  
Fogar no que todos compartimos  
e facemos realidade o Reino de Deus?

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

## ORACIÓN UNIVERSAL

**Celebrante:** *Rezamos agora a Deus, que nos chama e nos convida a seguir as pegadas de Xesús no camiño cara ao seu Reino. Dicimos:*

**SEÑOR, MIRA POLA NOSA IGREXA**

*Monitor/a*

- ✓ Pola Igrexa, para que non teña medo a ser testemuña do Deus amor e misericordia, tendendo a súa man, aberta e acolledora, oremos
- ✓ Polo noso fogar e a nosa parroquia, para que polos camiños evanxélicos do diálogo, a colaboración e a tolerancia, sexamos quen de superar os atrancos, oremos
- ✓ Por nós, para que con ilusión e coas redes do amor, da esperanza e do servizo aos irmáns, sexamos ante o mundo mensaxeiros do novo xeito de vida que vén dado pola chegada do Reino, oremos
- ✓ Por todas as persoas que fan ben na vida, para que na coherencia das palabras e dos feitos nos sigan dicindo que nós podemos facer o mesmo, oremos
- ✓ Polas persoas que sofren por culpa da pandemia, e por nós para que teñamos máis coidado, oremos.

**Celebrante:** *Escoitamos, Pai, as túas chamadas. Escoita Ti as oracións dos que en Ti pomos a nosa confianza. Por Cristo noso Señor. Amén*

## 3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS EN FAMILIA

### NOSO PAI

**Celebrante:** *Queremos dar resposta á chamada que nos fai o Pai. Facémolo rezando a oración que Xesús nos ensinou:*

*NOSO PAI ...*

### SIGNO DA PAZ

**Celebrante:** *Benaventurados os pacíficos, dixo Xesús. Que nós merezamos ser benaventurados transmitindo paz nestes momentos de pandemia e dificultade, sendo coidadosos con nós, con todos e con todo.*

### NON COMULGAMOS PERO ESTAMOS EN COMUNIÓN

**Celebrante:** *Os primeiros discípulos escoitaron a Xesús, e decidiron acompañalo pasando a vida con El. As súas Palabras estaban cheas de vida e eran de fiar porque o demostraba nos feitos. Benaventurados nós que hoxe compartimos tamén este fogar como fogar de Xesús, e somos convidados a ser e a dar exemplo do evanxeo.*

 **No colo da miña nai**

## 4.- AVISOS E DESPEDIDA

### ORACIÓN FINAL

#### **Celebrante:**

Señor, ti que nos alimentaches  
coa túa PALABRA e coa vida do evanxeo,  
fai que sintamos sempre a alegría  
de participar dos teus dons.  
Pedímoscho por Cristo noso irmán,  
a Ti que vives e reinas con nós  
por sempre eternamente. Amén.

*Deus diríxenos a súa Palabra para que a escoitemos e  
nos comprometamos con ela.*

*Coma os habitantes de Nínive, tamén nós temos que  
cambiar moitas cousas na nosa vida de cristiáns se  
queremos de verdade ser crentes CRIBLES.*

*Poñamos en práctica todo o que o Señor nos pide na súa  
Palabra coa responsabilidade de coidarnos para así  
coidar aos demais neste tempo de pandemia.*

***Que teñamos un bo día, unha boa semana,  
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal  
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.***



**“Díxolles Xesús: vide comigo.  
Eles deixándoo todo seguírono”  
Palabras do evanxeo de hoxe.**

